

A BRUXA DIVERTIDA

Texto de RICARDO ALCÁNTARA

Ilustracións de GUSTI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Cartón con esquinas redondeadas. 17,5 x 22 cm. 16 pág. 12 €

[A bruxa divertida](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-191-8. Prelecturas. Acartonados.

[La bruja divertida](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-192-5. Prelecturas. Acartonados.

[La bruja divertida](#) (català)

ISBN 978-84-18558-59-7. Prelectures. Cartró.

[Sorgin dibertigarria](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-312-7. Lehen irakurleak. Kartoizko liburuak.


*ESTA BRUXA DIVERTIDA CHÁMASE ROSALÍA,
XOGA DE NOITE E DORME DE DÍA.*

*VIVE NUN VELLO CASTELO ENCANTADO
QUE SE ERGUE SOBRE AS AUGAS DO MAR XEADO...*

«A bruxa divertida» é a proba de que as nenas e os nenos teñen unha capacidade ilimitada para a imaxinación e a fantasía, para utilizar calquera material ao seu alcance no desenvolvemento dos seus propios xogos e para gozar con esa experiencia lúdica. Tras «O pequeno indio» e «O pirata valente», o tándem creativo formado por Ricardo Alcántara e Gusti presenta unha protagonista feminina audaz e curiosa cuxos encantamentos se ven interrompidos por unha misteriosa voz.

O texto rítmico e rimado de Ricardo Alcántara describe a bruxa Rosalía e detalla as súas habilidades coas apócemas e os feitiços. Trátase dun relato humorístico e emocionante cuxo xiro final -inesperado e sorprendente- marca a fronteira entre a ficción e a realidade. Unha historia ideal tanto para compartila en voz alta como para iniciarse na lectura autónoma en letras maiúsculas.

As ilustracións de Gusti reforzan o dinamismo e o enxeño dos pareados con trazos áxiles que representan escenas cheas de maxia e expresividade por parte dunha simpática nena e o seu simbólico gato negro.



■ **Temática:** aventura imaxinaria.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** bruxas, personaxes fantásticos; texto rimado, letras maiúsculas; xogo simbólico, xogo dramático, imaxinación, humor; dos autores de «[O pequeno indio](#)» e «[O pirata valente](#)»; do ilustrador de «[Teño uns pés perfectos](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-bruxa-divertida-g>

■ **En Kalandraka TV:**

<https://kalandraka.tv/gl/videos/gustavo-a-rosemfet-gusti/>

Ricardo Alcántara

(Montevideo, 1946)

Estudou Psicoloxía en São Paulo. En 1975 trasladouse a Barcelona, onde reside dende entón, dedicado á literatura. Publicou máis dun cento de libros, entre novelas -algunhas traducidas a numerosas linguas- e obras para público infantil e xuvenil. Recibiu os premios Austral Infantil 1987, Lazarillo 1987 e Apelles Mestres 1990. A súa produción literaria figura na Lista de Honra do Banco do Libro de Venezuela e The White Ravens.

Gusti

(Buenos Aires, 1963)

Estudou na Escola de Arte Fernando Fader e especializouse en animación para televisión, ilustración de cómic e álbum ilustrado. Trasládouse a Europa en 1985: París, Madrid e Barcelona. Recibiu, entre outros, o Premio Apelles Mestres e a Mazá de Ouro de Bratislava (1989), o Premio Nacional de Ilustración (1990), o Premio Lazarillo (1991), o diploma de honra do Premio Iberoamericano de Ilustración (1994), os premios Serra d'Or e Junceda (2007, 2015). A súa obra foi destacada na lista The White Ravens, no Banco do Libro de Venezuela e na Lista de Honra IBBY. Imparte un posgrao de ilustración na escola de deseño Eina. Ademais de colaborar en proxectos relacionados coa natureza, é cofundador de Windown-La Ventana, unha asociación que traballa as artes plásticas con persoas con diferentes capacidades.

<http://gustiart.com>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com